Resolución dilema moral

Modelo para a resolución

Aprende a dar resposta a dilemas morais de xeito argumentado e respectuoso seguindo estes pasos.

DILEMA

PASO 1. Define o dilema

Describe coas túas propias palabras a situación da forma máis imparcial e completa o que poidas: persoas implicadas, espazo e tempo. Escoita os teus pensamentos, pero tamén os teus sentimentos.

PASO 2. Detalla as solucións posibles

Trátase dun dilema pechado (formúlanse as posibles opcións de resolución) ou aberto (non se especifica ningunha solución)?
En calquera caso, fai unha chuvia de ideas e anota as opcións que se che ocorran sen xulgar.

cREAgal

PASO 3. Identifica os valores en xogo

Fai unha lista de valores en xogo. Que valores (lealdade, sinceridade, xustiza, respecto...) están comprometidos con cada unha das opcións? Exemplo: avalía e sopesa criticamente estes valores.

OPCIÓN A:

OPCIÓN B:

PASO 4. Valora as opcións

Analiza os pros e contras de cada alternativa para todas as persoas implicadas, tanto a curto como a longo prazo.

	Argumentos a favor	Argumentos en contra
Opción A		
Opción B		

cREAgal

PASO 5. Toma unha decisión

Elixe a opción que consideras máis adecuada e xustifica a túa elección con argumentos significativos.

cREAgal

Exemplo de resolución:

Dilema: Tranvía

PASO 1. Define o dilema

Hai un tranvía que vai a toda velocidade e sen control por unha vía na que están cinco persoas atadas e que morrerán se o tranvía continúa avanzando.

Existe unha panca que pode cambiar o percorrido do tranvía, desviando a súa traxectoria cara a outra vía, pero nela hai unha persoa atada.

O dilema é: debes accionar a panca para salvar a cinco persoas aínda que morra unha? Ou debes non facer nada e deixar que o tranvía siga o seu curso?

PASO 2. Detalla as solucións posibles

Opción A: accionar a panca e desviar o tranvía cara á vía secundaria.
Opción B: non facer nada e deixar que o tranvía siga o seu percorrido.

PASO 3. Identifica os valores en xogo

Vida humana: en ambas as opcións morre xente.
Responsabilidade: se accionas a panca es o culpable da morte dunha persoa, podería considerarse como un asasinato. Porén, se non fas nada estás omitindo o deber de socorro, o cal pode ser un delito penado no código penal español.

PASO 4. Valora as opcións

	Argumentos a favor	Argumentos en contra
Opción A	Morrerían menos persoas.	Ao accionar a panca sería responsable directamente da morte desa persoa.
Opción B	Non son o responsable directo da morte das persoas.	Permito a morte de cinco persoas cando podería evitalo.

PASO 4. Toma unha decisión

Elixo a opción de non accionar ningunha panca e deixar que o tranvía siga o seu curso xa que do outro xeito convertiríame no responsable de matar a alguén deliberadamente. O cal considero un acto inmoral.

"Resolución dilema moral", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0